



# A ATALAIA

*Ás portas do VII Encontro de Embarcacións Tradicionais esta nova entrega da nosa revista trata de barcos. Pensamos que así debe ser porque arredor das embarcacións naceu a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial; porque o aprecio -case sempre a paixón- pola navegación é un sinal de identidade de todos os que nos movemos neste ámbito e porque os barcos recuperados son o trinque en que mellor se ven os logros do noso traballo e o contributo das institucións que axudan a financiar os proxectos.*

*Falamos de barcos e facémolo desde unha perspectiva humana porque ao quentor das xentes as embarcacións adquiren unha dimensión moi superior aos seus valores técnicos e instrumentais. O que máis nos interesa dos barcos que agora chamamos “tradicionalis” é o que teñen de proceso, de camiño no tempo. Non son só unha foto antiga para a evocación saudosa, evocación á que non temos porque renunciar, senón fontes de información, transmisores de coñecementos herdados irrenunciábeis, testemuños dunha cultura que nos marca e nos conforma, aínda que a descoñezamos ou a infravalorem.*

*O número 2 de ARDENTÍA debrúzase sobre as ribeiras de mares e ríos para ollar os barcos e tratar das persoas que navegan neles. Historias de navegación en mares cercanos e remotos, trafegos cotiáns e naufraxios memorábeis sulcan as páxinas da revista para revivir unhas augas que, se callar, xa non son as mesmas que as que gozaron e padeceron os protagonistas desas travesías.*

*Hoxe atravesan os mares novos barcos, e novas xentes os tripulan. O deseño industrial e as últimas tecnoloxías utilízanse nos estaleiros. As técnicas construtivas melloraron e os materiais diversificáronse. Pero seguen a producirse naufraxios terríbeis. Quixeramos pensar que os novos barcos se deseñan pensando na seguridade da xente, que os avances técnicos teñen esa prioridade, pero, nesta idade dos milagres tecnolóxicos, por esa banda non avanzamos abondo. Seguimos escribindo historias épicas e tráxicas de mariñeiros para o imaxinario colectivo.*

*Finalmente, queremos manifestar un desexo: que continúe a cadea, que os barcos que hoxe utilizamos para o traballo sexan materia de estudo etnográfico mañá, que non se tronche a cadea por esgotamento irresponsábel dos caladoiros de pesca ou por asulagamento das cuncas fluviais. E que a uniformidade estéril non nos prive de deseñar a fasquía de novos fermosos barcos nosos.*

*Luís Rei.*